



RESOLUCIÓN POLA QUE SE OUTORGA O PERMISO DE INVESTIGACIÓN "MANUELA" NÚM 5285 NOS CONCELLOS DE SAN AMARO E CENLLE (PROVINCIA DE OURENSE)

Examinado o expediente da solicitude de outorgamento do permiso de investigación denominado "Manuela", núm. 5285, presentada pola mercantil Petrolam Infraestructuras, S.L. o 12.09.2019 resultan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 12.09.2019 a mercantil Petrolam Infraestructuras SL presentou na Xefatura Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria en Ourense, unha solicitude para un permiso de investigación denominado "Manuela" ao que lle correspondeu o número 5285 no Rexistro de dereitos mineiros da provincia de Ourense. A solicitude abrangía unha superficie de 5 cuadrículas mineiras para a investigación de recursos da sección C), concretamente para investigación de materiais metamórficos para a fabricación de áridos, sobre os concellos de Cenlle e San Amaro, na provincia de Ourense.

Segundo.- O 30.09.2019 acordouse a admisión definitiva da solicitude, segundo o artigo 51 da Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas.

Terceiro.- Os servizos técnicos da Xefatura Territorial solicitaron o 01.10.2019 os informes dos seguintes organismos:

- Concello de Cenlle.
- Concello de San Amaro.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Cuarto.- Por Acordo do 28.04.2021, da Xefatura Territorial de Ourense, someteuse a información pública a solicitude do permiso de investigación Manuela núm. 5285 (DOG núm. 99, do 28 de maio) e expúxose ao público no taboleiro de anuncios dos concellos de Cenlle e San Amaro. Rematado o prazo de información pública non se recibiron alegacións.

Quinto.- Os servizos técnicos da xefatura territorial constataron no momento de efectuar a demarcación a interferencia da cuadrícula máis ao sur con outro permiso de investigación preexistente (Pitimíní núm. 4717) polo que o 07.04.21 procederon a demarcar o dereito sobre catro das cinco cuadrículas solicitadas, feito sobre o que a empresa solicitante manifestou a súa conformidade o 23.07.2021.





Sexto.- O 02.11.2021 Petrolam Infraestructuras, S.L. achegou unha declaración responsable de contrato coa empresa Esmin Ingeniería SL para acreditar a súa capacidade técnica.

Sétimo.- O 17.11.2021 os servizos técnicos da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación emitiron un informe favorable á solicitude do permiso de investigación.

Oitavo.- O 17.11.2021 a Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Ourense emitiu a proposta de resolución sobre o outorgamento do permiso de investigación denominado "Manuela", núm. 5285, para a investigación de recursos da sección C) por un período de tres anos sobre as citadas 4 cuadrículas mineiras.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

Primeira.- De acordo co disposto no artigo 39 do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG núm. 5 do 11.01.2021), correspóndelle ás Xefaturas Territoriais a instrución dos procedementos e a elaboración da proposta de resolución de outorgamento dos dereitos mineiros, autorización das súas modificacións, transmisións, renovacións ou prórrogas.

Segunda.- Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, corresponde ao titular da consellería competente en materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia outorgar os dereitos mineiros, competencia delegada no titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de acordo co artigo 2 da Orde do 24 de xuño de 2021 (DOG núm. 127 do 06.07.2021) sobre delegación de competencias en diversos órganos da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Terceira.- O proxecto de investigación componse de memoria, plan de restauración, plan de cese de actividades mineiras, documento de seguridade e saúde e informe de viabilidade e solvencia. Segundo a memoria do proxecto de investigación achegado os traballos de investigación proxectados desenvolveranse en tres fases: recoñecemento xeolóxico, investigación de detalle e ensaio de mostras, para o que se dispón dun orzamento de 39.165,28 € a desenvolver en tres anos. De conformidade co informe técnico do 17.11.2021, os traballos propostos, o orzamento e o prazo considéranse axeitados para a investigación a levar a cabo. Os informes solicitados aos organismos citados no antecedente de feito terceiro foron todos eles favorables.

Cuarta.- O artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia recolle respecto á consideración da solvencia económica o seguinte:
"(...) A xustificación da solvencia económica da persoa solicitante poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:





-Tratándose de persoas xurídicas, a presentación das contas anuais ou extracto das mesmas.

- Unha declaración relativa á cifra de negocio global e dos traballos mineiros realizados pola persoa solicitante no curso dos cinco últimos anos.

- Calquera outra documentación considerada como suficiente polo órgano mineiro competente(...)"

Petrolam Infraestructuras, S.L, achegou as contas anuais da empresa dos últimos exercicios 2017 e 2018 nas que, segundo indica o informe dos servizos técnicos da Xefatura Territorial, se pode observar un fondo de maniobra positivo e uns bos ratios de solvencia tanto a curto como a longo prazo, polo que consideran axeitada a solvencia técnica para levar a cabo a investigación proxectada.

Quinta.- O artigo 18 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia recolle, no que respecta á solvencia técnica o seguinte:

"A solvencia técnica poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Titulacións académicas e profesionais e experiencia dos efectivos persoais da empresa.

- Unha declaración dos medios materiais e equipo técnico dos que disporá a persoa solicitante para a execución do seu programa mineiro.

- Unha declaración sobre os efectivos persoais da empresa, indicando, no seu caso, o grao de estabilidade no emprego dos mesmos e a importancia dos seus equipos directivos durante os últimos cinco anos.

- Calquera outra documentación establecida regulamentariamente."

Para a xustificación da solvencia técnica Petrolam Infraestructuras, S.L. achegou unha relación do persoal con titulación académica entre os que se atopan varios enxeñeiros de camiños e enxeñeiros de obras públicas, entre outros, e tamén achegou unha declaración responsable de ter concertado un contrato para a prestación de servizos coa empresa Esmín Ingeniería SL, que dispón de varios enxeñeiros de minas que se encargarán da dirección facultativa dos traballos e asesoramento en materia de minas.

Sexta.- Co obxecto de garantir o cumprimento da obriga de restauración do espazo afectado polas labores de investigación, deberase estar no disposto no artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, e no artigo 42 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño:

- O artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia establece que "1. A persoa titular dun dereito mineiro terá que constituír unha garantía financeira ou equivalente suficiente antes da perceptiva comunicación do inicio dos traballos."

- O artigo 42 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por





actividades mineiras establece que *"1. A autoridade competente esixirá, antes do comenzo de calquera actividade de laboreo, a constitución dunha garantía financeira ou equivalente de xeito que se garanta o cumprimento das obrigas impostas na autorización do plan de restauración para a rehabilitación do terreo afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais."*

O cálculo da cantidade a impor realízase como a suma de dous conceptos, segundo especifica o artigo 32.3 da Lei 3/2008, do 23 de maio:

"(...) Un responde ao cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros e o outro responde do cumprimento do plan de restauración ambiental. Respecto á garantía que responde do cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballos mineiros, o seu importe será do 20% do orzamento de investigación (...)."

Tendo en conta estes artigos e dos datos recollidos no proxecto de investigación e plan de restauración, os servizos técnicos da xefatura territorial propuxeron a esixencia dunha garantía financeira de 9.737,78 €.

Sétima.- Ademais de cumprir cos requisitos da Lei de Minas e do seu Regulamento, o solicitante debe cumprir co establecido no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

O artigo 4 do devandito Real decreto establece que: *"1. Con carácter previo ao outorgamento dunha autorización, permiso ou concesión regulada pola Lei 22/1973, de 21 de xullo, de minas, o solicitante deberá presentar ante a autoridade competente en minería un plan de restauración do espazo natural afectado polas labores mineiras cuxo contido axustarase ao establecido neste Real decreto, tendo en conta os aspectos propios da súa actividade que podan ter efectos negativos sobre o medio ambiente ou a saúde das persoas. O citado plan deberá acompañar a documentación correspondente á solicitude de autorización, permiso ou concesión (...). 2. Non poderán outorgase autorizacións, permisos ou concesións reguladas pola Lei de Minas sen ter autorizado o plan de restauración e, unha vez outorgados, no poderán iniciarse os traballos ata ter constituídas as correspondentes garantías financeiras ou equivalentes que aseguren o seu cumprimento (...)."*

En cumprimento dos artigos 3 e 4 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, o solicitante achegou o plan de restauración e a documentación acreditativa da capacidade e de solvencia técnica, económica e financeira suficiente para asegurar o desenvolvemento dos traballos de explotación e o cumprimento do plan de restauración.

O plan de restauración contempla unha descrición detallada dos labores de revexetación a desenvolver e o seu seguimento, o cronograma de actuacións e o orzamento detallado.

Por todo canto antecede,





De acordo co que antecede, vista a proposta de resolución da Xefatura Territorial de Ourense do 17.09.2021, a Lei 3/2008, do 3 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real Decreto 2875/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o Réxime da Minería, Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado polas actividades mineiras, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO

1.- Outorgar para os efectos administrativos e deixando a salvo calquera outra responsabilidade ou obriga de carácter civil, o permiso de investigación Manuela núm. 5285, para a investigación de recursos da sección C), concretamente para investigación de materiais metamórficos para a fabricación de áridos, a favor da sociedade Petrolam Infraestructuras, SL, con NIF B32304115, sobre unha superficie de catro (4) cuadrículas mineiras, nos termos municipais de Cenlle e San Amaro (provincia de Ourense), por un período de tres (3) anos, prorrogables no seu caso segundo os artigos 29 e 30 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

O perímetro do permiso de investigación prorrogado é o definido polas coordenadas xeográficas e UTM ETRS89, fuso 29, referidas ao meridiano Greenwich, seguintes:

VÉRTICES	XEOGRÁFICAS		UTM ETRS89 (fuso 29)	
	LONXITUDE	LATITUDE	X	Y
V1	- 8° 04' 20''	42° 21' 20''	576.414,17	4.689.054,31
V2	- 8° 03' 40''	42° 21' 00''	577.329,32	4.689.064,35
V3	- 8° 03' 40''	42° 20' 20''	577.342,94	4.687.830,61
V4	- 8° 04' 20''	42° 20' 20''	576.427,63	4.687.820,57

2.- Aprobar o proxecto de investigación e **autorizar** o plan de restauración do permiso de investigación "Manuela" núm. 5285, asinados polo graduado en enxeñería de minas Amadeo Laforga Prieto, colexiado núm. 142 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Grados en Minas e Enerxía de Galicia e presentados na Xefatura Territorial da VSCEEI en Ourense o 12.09.2019, que se citan a continuación:

- *Proxecto de Investigación recursos da sección C), en Cenlle e San Amaro.*





- *Plan de restauración permiso de investigación Manuela.*

O exercicio das actividades de investigación queda condicionada:

- A que o titular, Petrolam Infraestructuras, SL, constitúa previamente á comunicación do inicio dos labores unha garantía financeira por importe de **9.737,78 €** nos termos establecidos no artigo 32 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia,
- A que o titular presente, no prazo de 30 días dende a notificación desta resolución de outorgamento, documentación xustificativa de que dispón dun seguro de responsabilidade civil suficiente para facer fronte aos danos que lles poidan causar ás persoas, aos animais, aos bens ou ao medio ambiente, polos traballos de investigación previstos no proxecto, consonte ao establecido no artigo 33 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Notifíquese esta resolución aos interesados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben, recurso potestativo de reposición ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, no prazo dun mes, a contar desde a mesma data, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente.

Santiago de Compostela,

O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

P.D. Orde do 24.06.2021 (DOG N° 127, do 06.07.2021)

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
(asinado dixitalmente)

Paula M^a Uría Traba

